

Informe 010/2025: sobre posibilidade de ampliación dunha explotación gandeira existente no solo de núcleo rural; posibilidade de realizar un soportal ou un alpendre ou construción auxiliar exterior ao abeiro do réxime do artigo 90.2 da LSG no solo rústico ou no solo urbano (Concello de Santa Comba – Expediente XCP - 25/010)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 24.02.2025 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2025/506642) escrito do alcalde do Concello de Santa Comba no que formula as seguintes consultas á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"1.- EXPLOTACIONES GANADERAS EXISTENTES EN SUELO DE NÚCLEO RURAL

Según consta en Instrucción 1/2016, de 29 de abril, sobre el régimen aplicable a las explotaciones e instalaciones de apoyo a la actividad agropecuaria existentes en el momento de la entrada en vigor de la Ley 9/2002, las explotaciones ganaderas existentes en el suelo de núcleo rural podrán mantener su actividad.

Por lo que respeta a las posibilidades de ampliación de las mismas, será el ayuntamiento el que determine las condiciones de ampliación.

[...]

Según artículo 26 LSG están prohibidas en suelo de núcleo rural las nuevas instalaciones destinadas a la producción ganadera, salvo las pequeñas construcciones artesanales o para el autoconsumo. Se entiende que la regulación en el PXOM de Santa Comba del uso agropecuario en suelo de núcleo rural se adapta a lo establecido por la LSG dado que en su artículo 70, ordenanza de núcleo rural permite el uso Agropecuario en categoría 1 (establos hasta 15 cabezas de ganado mayor o 25 de ganado menor) y en categoría 3 (locales de almacenaje de productos agrícolas de hasta 300m2).

CONSULTA

¿Qué consideración se le da a un establo existente en suelo de núcleo rural en el momento de la entrada en vigor de la Ley 9/2002 que cuenta con un número de animales superior al máximo permitido por la normativa urbanística y en el que se quieren realizar obras de ampliación encaminadas a mejorar la explotación sin modificar el número de animales existente? Las obras de ampliación que se pueden plantear son la construcción de enfermería, construcción de lechería con robot de ordeño, construcción de silos, construcción de garaje para maquinaria o similares usos.

¿Cómo se considera que no se modifica el número de animales? ¿Respecto de los existentes en el censo de la explotación previo a las obras de ampliación, respecto del censo en el momento de la entrada en vigor de la ley 9/2002 o respecto del momento de la entrada en vigor de la ley 9/2013 de emprendemento?

Suponemos en todos los casos que las obras de ampliación cumplirán con los parámetros urbanísticos de ocupación, edificabilidad, altura, retranqueos, etc. establecidos por la normativa municipal.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

2.- EDIFICACIONES PREEXISTENTES EN SUELO RÚSTICO CON USO NO ADMITIDO

Existen en Santa Comba diversas edificaciones de uso industrial construidas en suelo rústico, algunas de las cuales cuentan con "Declaración de incursión na situación legal de fora de ordenación total da edificación" declarada por acuerdo de la Xunta de Gobierno Local, [...]

CONSULTA

Podemos entender, que al estar en la situación descrita en el artículo 90.2, no es posible realizar ampliación de la edificación. ¿La realización de un porche exterior para cubrir un aparcamiento o para cubrir maquinaria u otra situación similar se debería entender como una ampliación de la edificación? ¿O se podría autorizar como una construcción auxiliar?

3.- EDIFICACIÓN PREEXISTENTE EN SUELO URBANO INCUMPLIENDO FONDO MÁXIMO EDIFICABLE

Existen en el núcleo urbano de Santa Comba, suelo urbano consolidado, algunas edificaciones construidas con anterioridad a la entrada en vigor del PXOM que se encuentran en una situación, dentro de la parcela, que no cumple con los condicionantes establecidos por la ordenanza de aplicación dado que la edificación preexistente se sitúa en una posición que no queda dentro del fondo máximo establecido, pegadas a linderos posteriores, etc. con una configuración espacial de edificación propia de un núcleo rural, con lo que entendemos que la edificación se encontraría en la situación descrita en el artículo 90.2 da la LSG dado que no invade viales, zonas verdes, espacios libres, dotaciones ni equipamientos públicos pero no se adapta a la condiciones de implantación en la parcela según la ordenanza 2, edificación en hilera, de aplicación, con lo que resulta disconforme con el planeamiento.

CONSULTA

¿La realización de un porche exterior, marquesina, para cubrir un espacio libre situado en el frente de la parcela que podría incluso soportar paneles fotovoltaicos se debería entender como una ampliación de la edificación? ¿O se podría autorizar como una construcción auxiliar dado que este elemento se sitúa en la parte de la parcela donde se puede situar la edificación?

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Santa Comba conta con Plan xeral de ordenación municipal, (PXOM) aprobado definitivamente polo acordo do Pleno municipal do 05.04.2001, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 18.04.2001 e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* o 16.04.2001.

Este instrumento está sometido ao réxime establecido na disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), aplicable

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento e, en consecuencia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás regras previstas no apartado 2 da propia disposición, que en relación as clasificacións obxecto da consulta indica:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado. Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.

[...] c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

A previsión do apartado c) foi desenvolta pola disposición transitoria segunda do regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG), que puntualiza que a eses efectos, resultan de aplicación "as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40 do RLSG", que a súa vez desenvolven os artigos 24 a 26 da LSG.

TERCEIRA.- En primeiro lugar, o concello consulta sobre a posibilidade de realizar obras de ampliación no solo de núcleo rural nunha explotación gandeira existente antes da entrada en vigor da *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG).

Cómpre poñer de manifesto que a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo non pode resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes concretos de competencia exclusiva municipal, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo*, que deberán ser analizados, en cada caso, polo concello no expediente administrativo tramitado a tal efecto.

Non obstante, e na medida en que a resolución desta cuestión deriva da necesaria interpretación da normativa urbanística vixente, poden facerse as seguintes consideracións.

A Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo xa se pronunciou sobre a ampliación das explotacións agropecuarias existentes a 1.01.2003 no solo de núcleo rural no informe XCP-24/012 (Concello Val do Dubra), que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://territorioeurbanismo.xunta.gal/es/xunta-consultiva/informes-instruccions-estudios/relacion-informes-publicados>

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

A disposición transitoria cuarta da LSG, no recoñecemento da realidade do medio rural galego, establece un réxime específico que se aplica ás construcións e instalacións destinadas ás actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existentes o 1.01.2003, independentemente de que contasen ou non con licenza nese momento, ou que procedesen ou non á regularización prevista na disposición transitoria décimo primeira da LOUG.

En definitiva, o que se pretende é favorecer o mantemento do xa existente que estea destinado a usos agropecuarios así como a súa modernización, mellora ou mesmo ampliación, tanto no solo rústico como no solo de núcleo rural, tendo en conta, nomeadamente, os seguintes presupostos de feito esixibles:

- Que as construcións e instalacións existiran a 1.01.2003, con independencia das súas circunstancias urbanísticas.
- Que nesa data estiveran destinadas a unha actividade vinculada coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros ou forestais.
- Que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal, sen prexuízo, no seu caso, doutras posibilidades de uso amparadas na disposición transitoria terceira da LSG ou no seu réxime ordinario.

A existencia da explotación a data 01.01.2003 enténdese exclusivamente aos efectos urbanísticos, de xeito que o que debe acreditarse é a existencia, dimensións volumétricas e características principais das edificacións e construcións que formaban parte da explotación con referencia ao momento da entrada en vigor da LOUG. É dicir, o réxime transitorio da LSG regula as condicións urbanísticas dos elementos inmobles da explotación, pero non establece restricións ás condicións do exercicio da actividade agropecuaria en cuestión.

Polo que, sen prexuízo do cumprimento da normativa sectorial e ambiental, a efectos urbanísticos non ten incidencia a variación do número de animais dunha explotación respecto da situación a data 01.01.2003, se non comporta un cambio cualitativo de uso, xa que o requisito esixido no réxime transitorio é que a actividade se manteña.

Baixo o título *“explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes”* regúlase o referido réxime específico, que foi desenvolto pola disposición transitoria terceira do RLSG que, para o solo de núcleo rural establece:

“[...] 2. No caso de que as explotacións referidas no apartado anterior estiveran emprazadas no solo de núcleo rural, e considerando que son instalacións que gardan relación directa cos usos tradicionalmente ligados ao asentamento ou dan resposta ás necesidades da poboación residente nel (artigo 25.2 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero), poderán manter a súa actividade.

As ampliacións das explotacións existentes en ningún caso deberán ser consideradas como novas explotacións, polo que non resulta aplicable a prohibición de nova implantación establecida no artigo 26.1.f) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e será o concello, na súa competencia exclusiva para a formulación do planeamento, o que determine as condicións de

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

ampliación. No caso de que o planeamento respectivo non as estableza expresamente, resultarán de aplicación as condicións recollidas no apartado segundo.

Os planeamentos municipais que incorporan na súa ordenanza de solo de núcleo rural determinacións análogas ás recollidas na disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002, do 30 de decembro, manterán a súa plena vixencia por canto acadan a consideración de normativa municipal propia.

As determinacións correspondentes do planeamento municipal para o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural só se verán derogadas cando inclúan determinacións que constitúan actuacións incompatibles de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

3. Consideraranse amparadas no réxime excepcional establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016 a ampliación das explotacións agrogandeiras existentes en solo de núcleo rural, cando a parcela en que se encontren estea afectada por dúas clasificacións de solo e a ampliación se efectúe na parte da parcela clasificada como solo rústico."

Logo, as ditas explotacións poden manter a súa actividade no solo de núcleo rural e teñen as seguintes posibilidades de ampliación:

- Cando a parcela estea afectada por dúas clasificacións de solo e a ampliación se efectúe na parte da parcela clasificada como solo rústico, as posibilidades de ampliación quedan directamente suxeitas ás condicións das referidas disposicións transitorias. De xeito que sempre que se manteña a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal, admítense obras de ampliación, ata o dobre do volume construído orixinario, cumprindo as condicións do apartado segundo b) da disposición transitoria terceira do RLSG.

- Cando se pretenda actuar no solo de núcleo rural, as posibilidades da ampliación virán determinadas polo réxime e condicións de edificación do planeamento urbanístico municipal e, na súa falta, polas condicións recollidas no apartado segundo b), antes referido.

No presente caso, deberá terse en conta a determinación da ordenanza do solo de núcleo rural do artigo 70 do PXOM, que autoriza o uso agropecuario nas categorías 1º e 3º da normativa de usos, polo que a viabilidade da ampliación estará condicionada pola cabida edificatoria permitida na ordenanza. En concreto, o artigo 37 do PXOM regula o uso agropecuario, establecendo como primeira categoría as "*cortes para albergar ata 15 cabezas de gando maior ou 25 de gando menor*" e de terceira categoría os "*locais de almacenaxe de produtos agrícolas: silos, celeiros etc. de ata 300 m²*".

Á vista da referida regulación, semella que os usos gandeiros que non responden a ditas categorías resultarían incompatibles coas condicións de uso da ordenanza de aplicación. Nese caso, resultaría de aplicación o previsto no artigo 90.2 da LSG, debendo acudir ao réxime que determina o planeamento para as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

súas determinacións, podendo realizarse, como mínimo, as obras sinaladas no artigo 90.1 da LSG.

A estes efectos, o réxime de intervención do artigo 90.1 da LSG dispón no segundo parágrafo:

“Nestes edificios, construcións e instalacións poderá manterse o uso preexistente, en todo caso, mesmo de se tratar de usos non permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística vixente, e só poderán realizarse neles obras de conservación e as necesarias para o mantemento do dito uso preexistente. O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de cambio de uso para calquera dos usos permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística que resulte de aplicación, sen máis obras que as mínimas e imprescindibles.”

Pola súa banda, a normativa do PXOM establece:

*“Art. 26.-Obras en edificios fóra de ordenación.
Chámanse edificios fóra de ordenación, os que construídos antes da aprobación definitiva do PXOM, non se axustan ás especificacións deste. Regularanse polo establecido no Capítulo IX do presente Plan. [...]”*

*Art. 90.-Efectos da cualificación como fóra de ordenación.
A cualificación como fóra de ordenación é causa de denegación de licenza de obras, salvo as seguintes:*

- a) As de conservación, mantemento e pequenas reparacións que esixise a hixiene, ornato e conservación do inmovible, que serán admisibles en todos os casos.*
- b) As que vaian directamente dirixidas a eliminar as causas determinantes da situación de fóra de ordenación cando esta sexa emendable.*
- c) As parciais de consolidación ou reparación cando non estivese prevista a expropiación ou demolición do inmovible ou a erradicación do uso no prazo de quince anos desde a data en que se pretendese realizalas.*

Nos edificios en situación de fóra de ordenación poderán autorizarse os usos que o Plan contemple como permitidos na ordenanza de aplicación, sempre que dita edificación se atope en condicións de seguridade, salubridade e solidez. [...].”

En consecuencia, á vista da regulación prevista no planeamento urbanístico municipal, non é posible ampliar construcións destinadas a usos agropecuarios que excedan das categorías 1º e 3º da normativa de usos permitidas na ordenanza de solo de núcleo rural.

QUINTA.- En segundo lugar, o Concello de Santa Comba consulta se, nunha edificación existente de uso industrial en solo rústico que se atopa na situación descrita no artigo 90.2 da LSG, a realización dun porche exterior para cubrir un aparcadoiro, maquinaria ou outra situación similar se debería entender como unha ampliación da edificación ou se se podería autorizar como unha construción auxiliar.

Conforme ao artigo 90.2 da LSG, nas edificacións, construcións e instalacións no solo rústico que se atopen na situación de incompatibilidade descrita no primeiro parágrafo do dito precepto, poderá manterse o uso preexistente, aínda que se trate de usos non axustados á normativa urbanística vixente; tamén se admitirán os cambios de uso,

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



sempre que se trate dun uso permitido nesta clase de solo. En ambos os casos, logo do título habilitante de natureza urbanística e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, admitiranse as obras de conservación, mantemento, reforma e rehabilitación, sen que, en ningún caso, poida ampliarse a edificación.

Ningunha desas obras permite incrementos de volume ou superficie edificada, polo que semella que a execución dun porche exterior resultaría prohibida, habida conta de que o apartado 7 do Anexo I do RLSG define volume de edificación como espazo delimitado polos paramentos exteriores dunha construción, edificación ou instalación, independentemente de que o seu interior poida estar vinculado a un uso determinado ou sexa un espazo non utilizable.

En todo caso, corresponde ao concello analizar, á vista da concreta actuación pretendida, a posible aplicación das excepcións que no dito RLSG se contemplan para o cómputo de volume nas obras e instalacións que se sinalan no mesmo.

Tampouco resultaría autorizable unha construción auxiliar, pois aínda que en volume independente, estariase a incrementar igualmente a superficie edificada destinada ao uso non admitido no solo rústico.

Non obstante o anterior, as construcións executadas en solo rústico ao abeiro da licenza urbanística antes da entrada en vigor da LSG poden acollerse ao réxime regulado na súa disposición transitoria terceira, que permite manter o uso autorizado e cambialo para calquera dos previstos no artigo 40 e executar nelas, contando con licenza municipal previa e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, mesmo cando non cumpran as condicións de implantación, uso e edificación establecidas por esta lei.

Así mesmo, contando con licenza municipal previa e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, nesas construcións poderán executarse obras de ampliación da superficie edificada licitamente, mesmo en volume independente, cumprindo os requisitos do apartado 2 da dita disposición transitoria terceira.

SEXTA.- Finalmente, no suposto de situación de desconformidade no solo urbano dunha construción polo incumprimento de parámetros de ocupación ou posición definidos na Ordenanza 2, edificación en fileira, consúltase se a realización dun soportal exterior, na fronte da parcela que podería soportar paneis fotovoltaicos debería entenderse como unha ampliación da edificación ou se podería autorizar como unha construción auxiliar dado que este elemento sitúase na parte da parcela onde se pode situar a edificación.

Conforme ao artigo 90.2 da LSG, *“o planeamento urbanístico determinará o réxime a que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no número anterior, e poderán realizarse, como mínimo, as obras sinaladas no número anterior”.*

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

Logo, novamente hai que acudir ás posibilidades de intervención que permiten os artigos 90.1 da LSG e 90 do PXOM, que non permiten ampliar a edificación en situación de desconformidade co planeamento xeral nos termos xa expostos, o que non obsta a autorizar outros volumes independentes axustados á ordenanza de aplicación sempre que se destinen a un uso permitido polo planeamento.

CONCLUSIÓNS

1.- As disposicións transitorias cuarta da LSG e terceira do RLSG contemplan o réxime aplicable ás explotacións agropecuarias existentes no solo de núcleo rural antes do 01.01.2003, que establecen que as posibilidades da ampliación virán determinadas polo réxime e condicións de edificación do planeamento urbanístico municipal e, na súa falta, polas condicións recollidas no apartado segundo b), da referida disposición transitoria terceira.

De conformidade co artigo 70 do PXOM de Santa Comba, que autoriza en solo de núcleo rural o uso agropecuario nas categorías 1º e 3º da normativa de usos, semella que os usos gandeiros que non responden a ditas categorías resultarían incompatibles coas condicións de uso da ordenanza de aplicación, polo que haberá que estar ao réxime previsto no artigo 90.2 da LSG para as edificacións, construcións e instalacións preexistentes á súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións previsto no planeamento urbanístico.

O artigo 90 do PXOM de Santa Comba regula as obras permitidas en edificacións en fóra de ordenación, entre as que non se atopan as obras de ampliación.

2.- O réxime previsto no artigo 90.2 da LSG para as edificacións, construcións e instalacións existentes no solo rústico que non se axusten ás súas determinacións reguladoras, non permite a súa ampliación, sen prexuízo da posibilidade de aplicación, no seu caso, do réxime previsto na disposición transitoria terceira da LSG.

3.- A execución dun soportal exterior nunha edificación en situación de desconformidade co planeamento do artigo 90.2 da LSG no solo urbano no Concello de Santa Comba non está permitido por canto o artigo 90 do PXOM non admite obras de ampliación para as edificacións en situación de desconformidade co planeamento municipal.

Sen prexuízo do anterior, sería posible autorizar outros volumes independentes axustados á ordenanza de aplicación sempre que se destinen a un uso permitido polo planeamento.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal